

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE
CONCELLO O DÍA CATRO DE XULLO DE DOUS MIL
DEZAOITO: - - - - -**

=====

PRESIDENTE:

D. Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

- D. Juan Antonio Deza Otero
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Rafael Domínguez Piñeiro
- D^a María Deza Martínez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D^a Silvia Freire Fernández
- D. Alfonso Rea Pérez
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D. José - Daniel Fernández Piñeiro
- D. Jesús - Joaquín Sueiro Méndez
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D. Maximino González Miniño
- D^a M^a del Coral González-Haba Pérez
- D. Roberto - Carlos Agís Balboa
- D^a Vanessa Rodríguez Búa

INTERVENTOR:

D. José Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO:

D. Angel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as dez horas e tres minutos do día catro de xullo de dous mil dezaeito, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

1º) RENDICIÓN DE CONTAS POLO INCUMPRIMENTO DA LEI 19/2013, DE 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO, POR PARTE DO ALCALDE, TELMO MARTÍN GONZÁLEZ.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, tomou a palabra para dicir que cinco concelleiros e concelleiras da corporación, representantes de distintos grupos políticos da oposición, despois de coñecer un asunto, que en todo caso xa era sabido de antemán, pero non por iso é una cuestión descatalogada polas consecuencias políticas que deberían depurarse ao coñecer que o Tribunal Supremo, en data 8 de xuño, ratifica a sentenza do Tribunal Superior de Galicia, na que queda demostrado, de forma inequívoca, que unha empresa da que formaba parte no momento dos feitos Telmo Martín González, incumpriu a Lei de Vivenda de Galicia de forma flagrante e ese incumprimento debe ter unas consecuencias. Cando alguén exerceu cargos diversos, como o de deputado, votou a Lei 19/2013 de Transparencia sobre Xestión Pública e Bo Goberno, esa lei ten que cumprirse e establece que todos os funcionarios públicos, tamén os alcaldes, teñen a obriga de ter un comportamento ético e velar polo interese público. A súa empresa incumpriu a Lei de Vivenda de Galicia e a sentenza é posterior a Lei 19/2013, polo tanto consideramos que vostede debe asumir as responsabilidades derivadas da sentenza do Tribunal Supremo, que recolle uns feitos sinalados na resolución da consellería de Medio Ambiente, Territorio e infraestruturas do ano 2011, onde se detalla que na promoción de vivenda no barrio de San Paio de Navia, en Vigo, se cobraron de forma inequívoca sobreprezos en vivenda de protección pública. Vostede dicía o outro día que non existiron sobreprezos, senón que eran prezos pactados por melloras, pero o primeiro é que, segundo a lei, esas melloras non se poden nin sequera pactar cos propietarios, cousa que quedou bastante clara que non foi así, tendo que devolver a empresa da que vostede formaba parte as cantidades indebidamente cobradas aos propietarios e, ao mesmo tempo, impónselle una multa do dobre dos sobreprezos, sendo feitos probados e a lei, desde o ano 2013, obriga a asumir responsabilidades e non se pode alegar descoñecemento, porque era vostede coñecedor no momento dos feitos, polo tanto debería cumprir a lei que vostede mesmo votou no Congreso dos Deputados.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestou que sobre este punto en particular non tiña nada que dicir.

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, dixo que estamos aquí porque unha sentenza do Tribunal Supremo confirmou que o Sr. Alcalde é o prototipo da política rancia, coa que é necesario acabar para que a xente poida volver a confiar na clase política, non tendo ningún tipo de escrúpulos en saltarse a lei no seu beneficio propio. “Construcuatro”, empresa da que Telmo Martín foi socio fundador durante os anos nos que gobernaba como alcalde de Sanxenxo, dedicouse a burlar a lei para aproveitarse dos veciños que lograron acceder a vivendas de protección oficial no barrio de Navia en Vigo e esta práctica non era un caso illado, senón que era o modus operandi da citada empresa, como se pode confiar nunha persoa e poñer nas súas mans o diñeiro público de todos os veciños do concello, sabendo como xestiona as súas empresas privadas e pretende escusarse agora dicindo que só se trata dunha sanción administrativa e que non hai ningún tipo de ilícito penal, pero non estamos a falar de facer un xuízo penal ao Sr. Telmo Martín por eses feitos, senón de valorar a súa lexitimidade para seguir exercendo un cargo público, cando quedou acreditado que se aproveitou desas familias, ás que cobrou un sobreprezo por unhas vivendas de protección oficial e deulle igual prexudicar a esas familias, dicindo unha e outra vez que ese diñeiro se cobrou por melloras, se realmente fose así, por que non as declarou desde un primeiro momento a Facenda e soamente fíxose despois de que constase a denuncia dos

compradores, chamando a atención a claridade da sentenza. A lei di que está absolutamente prohibido cobrar sobreprezo ou cantidade algunha por encima do prezo taxado pola Xunta para as vivendas protexidas. ¿Que é o que non entendeu vostede e os seus socios, Sr. Telmo Martín? A pesar de todo isto, como deputado, tivo a desvergoña de aprobar a lei 19/2013 do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno que no art. 26, referido aos principios de actuación, sinala a obriga de poñer en coñecemento dos órganos competentes calquera actuación irregular da cal teñan coñecemento, coas sancións correspondentes. Esta é a lei que vostede mesmo aprobou, cando era deputado, pero que nunca tivo intención de cumprir. É certo que a falta de ética non é un delito penal, pero se que é un motivo suficiente para apartarse da política e por iso pido a súa dimisión, porque a súa calidade ética quedou mais que demostrada.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, tomou a palabra para dicir que corroboraba o que dixeron os meus dous compañeiros, o único que quero recalcar é que isto é un pleno pola liberdade democrática e polos veciños e veciñas de Sanxenxo. Á parte refréscolle a memoria ao Sr. Telmo Martín, posto que foi chamado a declarar o 6 de marzo de 2008, polo xulgado que instruía o caso de Navia por sobreprezos en vivendas protexidas construídas por esa empresa, sen que o avogado das vítimas recibise, respecto diso, notificación algunha, segundo a publicación que eu manexo. O **Sr. Alcalde** roga que retire iso, porque é mentira. A **Sra. González-Haba Pérez** preguntou se se querelou vostede co “País”, que o publicou o día 25 de abril de 2008. O **Sr. Alcalde** dille á Sra. González-Haba Pérez que se afirma neste pleno que foi chamado a declarar, presentará unha querela, o que lle advirto como compañeiro de corporación. A Sra. González-Haba Pérez contesta que le a prensa e iso non é un delito. O **Sr. Alcalde** responde que nunha rolda de prensa, que houbo aquí, dixeron que non fun chamado a declarar, pedíndolle que diga, “segundo di a prensa, vostede parece ser que foi chamado a declarar”, que non é o mesmo que vostede afirme que eu fun chamado a declarar. A **Sra. González-Haba Pérez** remitiuse ás palabras do Sr. Núñez Feijoo sobre a dimisión da Presidenta da Comunidade de Madrid, os erros que na vida privada son difíciles de xustificar, na vida pública son inxustificables, polo que a dimisión é correcta e procedente. Igualmente tería que facer vostede polo ben de Sanxenxo, do seu partido e dos seus votantes, porque a súa empresa prexudicou a 30 familias que denunciaron e a 62 afectados, que foron coaccionados nalgúns casos, porque primeiro quedaban, segundo a prensa, na sede de “Construcuatro” e, logo, na peaxe da autoestrada Vigo a Pontevedra, segundo a prensa. E logo estou encantada de que no PP se empece a usar a palabra dimisión, como no caso de Maxim Huerta e é unha decisión que vostede debería valorar, polo ben de Sanxenxo e do seu partido. En canto ao convenio de goberno co SAL, non se pode ser mais morno e mais laxo coa corrupción.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que facía tempo que non vía tanta xente por aquí, o que quere dicir que hai moita xente interesada. Lembrarlle a todo o mundo que, cando saíu este asunto, quen gobernaba na Xunta era o bipartito. O Sr. Martín González estivo metido en medio de moitos temas urbanísticos, estrañándose que se se pagan sobreprezos, non se notifique, preguntando porque se esqueceron de notificar e indicando que, se o di a sentenza, eu non estou en contra. Outra cousa que quería comentar e que, cando saíu este tema, falaban da oposición en Sanxenxo, pero a min, ata o día de hoxe, ningún dos compañeiros que están aquí me avisaron de nada, mesmo os que estades aí sentados, periodistas, tampouco, curiosamente, a min métenme no medio e nunca me preguntou ninguén nada, o que non é o lóxico, precisando que o que se estaba a facer é política. En canto a sentenza, hai unha responsabilidade administrativa, non penal e ten que pagar uns cinco millóns de multa e dous de indemnizacións,

en canto á responsabilidade política non se ten que decidir aquí, senón que serán os veciños de Sanxenxo, os que decidirán o que eles queren.

O **Sr. Otero Domínguez** dixo que simplemente, facendo mención á propia resolución e a Lei de Vivenda, aclarar que non hai ningunha posibilidade de melloras, nin sequera de comunicación, vostede dicía que o erro era a non comunicación á consellería e iso era imposible, porque implicaría a calquera funcionario que a recibise a prevaricar, ademais na resolución indícase que as melloras nin foron solicitadas nin pactadas cos compradores, chamando a atención o tema dos prezos, que están fixados e obedecen a superficies das vivendas, xa que son todas iguais e os valores finais dependen exclusivamente da superficie, pero as aportacións ou melloras, que provocaron que a empresa mesmo tivese que presentar unha declaración posterior, o que probablemente libroulles da vía penal por fraude fiscal, foron proporcionais ás alturas. Estamos falando dunha situación que sucedeu en Vigo, pero a cuestión é que vostede era Alcalde de Sanxenxo cando xurdiron os feitos, logo foi candidato a alcaldía por Pontevedra, logo foi Deputado e, todo isto, vostede agora quere minimízalo, cos seus socios de goberno, cun comunicado remitíndose a súa declaración, estando claro que a entrega da alcaldía ía marcar un servilismo absoluto. Creo que existe unanimidade polos solicitantes deste pleno, que isto sucedeu e, por desgraza, segue a suceder, mentres teñamos un alcalde que non é capaz de desconectar a función privada da función pública, o que é moi complicado dedicándose ao sector inmobiliario, polo tanto asuma a responsabilidade e renuncie a Alcaldía de Sanxenxo, porque esta lei tamén lle afecta.

A **Sra. Rodríguez Búa** dixo que O interesante son os datos obxectivos, 4 resolucións e sentenzas demostran que “Construcuatro”, empresa da que formaba parte naquel momento o actual Alcalde de Sanxenxo, participou nun fraude que se lle fixo a 62 familias, cobrándolles mais de 1.235.000 euros por unhas supostas melloras, xa que as sentenzas din claramente que non queda demostrado que existisen, sendo evidente que eran unha escusa, porque se cobraron sobreprezos, o que non se podía facer porque a lei prohibíao. Se se comporta así na súa empresa privada, como podemos confiar en vostede na vida pública.

A **Sra. González-Haba Pérez** sinalou que os compradores, que son as vítimas, aseguran ser obrigados a pagar as comisións baixo a ameaza de non venderlles os pisos, porque tiñan a varios compradores esperando e que “Construcuatro” se negou a dar recibos das cantidades achegadas, cuestión que non é digna, entón paréceme que con esta sentenza debería replantearse vostede, non dar un paso atrás, pero se á beira, porque non se sabe cando vostede é construtor ou cando é alcalde.

O **Sr. Agís Balboa** dixo que a corrupción dáse en todos os partidos políticos e, agora, aparecen casos como o do Grove, con outros partidos no goberno. Non vou entrar en valoracións persoais, aínda que quedou claro que vostede non foi a declarar e que a sentenza non é contra vostede, senón contra a empresa e remato para dicir que se se quere cambiar e se se quere rexeneración, que se vote a outros partidos, porque dentro de pouco vai a haber eleccións.-----

2º) ADHESIÓN AO CÓDIGO DE BO GOBERNO LOCAL APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA FEMP DO 24 DE MARZO DE 2015.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** dixo que O que se pide ao Concello é a adhesión ao convenio da FEMP, que é una adaptación da lei 19/2013, porque cambiou moito a sociedade, que non tolera comportamentos pouco éticos, como é o caso, e o punto 3º, co Plan da FEGAMP, igual, Galicia debe dar exemplo de cumprimento ético e, para iso, están estes códigos e, estando este concello adherido, é a oportunidade para facelo.

O **Sr. Presidente** tomou a palabra para dicir que os puntos segundo e terceiro teñen un contido similar, polo que o seu tratamento será conxunto, agás as votacións, que serán por separado, sempre que non se opoñan os concelleiros que solicitaron esta sesión.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que vamos votar a favor da proposta de adhesión, tanto ao código como ao Plan.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, dixo que se alegraba de que o goberno municipal apoie a proposta da oposición de adhesión, tanto ao Código de Bo Goberno da FEMP, como ao da FEGAMP. É certo que xa existe unha lei, pero nunca está de mais que se recolla nesta normativa, que ademais é mais expansiva que a lei e espero que este apoio sexa despois de ler o contido da norma e estando dispostos a cumprir con ela, non simplemente que sexa papel mollado. Entón, agardo que sexa unha adhesión a conciencia.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, está de acordo coa adhesión ao Código de Bo Goberno Local da FEMP e ao Plan de Transparencia e Bo Goberno da FEGAMP, porque sempre vén ben para a transparencia de calquera goberno local.

A **Sra. Deza Martínez**: manifestar, porque supoño que o saberán, que xa, por un goberno do Partido Popular, aprobouse un Código de Bo Goberno no ano 2010 e, tamén supoño que saberán, que estes códigos son do ano 2015 e vostedes gobernaron desde o ano 2015 ata o 2017 e non sei que fixeron durante eses dous anos, se tanto interese tiñan nesa adhesión, non entendo esa dobre moral, cando vostedes gobernaban non se adherían, debía ser que non lles interesaba e, agora, piden que o fagamos de forma inmediata. Vamos votar a favor e soamente dicirlles que dos 8.124 municipios que existen en España, só 56 están adheridos e, en Galicia, só 2, Vigo e O Bolo en Ourense, o que non indica que non nos podamos adherir, pero a nosa prioridade é a xestión e facer cousas que levan reclamando os veciños de Sanxenxo e que, por suposto, vostedes, nos anos que estiveron gobernando, non fixeron.

O **Sr. Otero Domínguez** dixo que referido a esta cuestión, valoramos a posibilidade de incluír o Código de Bo Goberno aprobado no ano 2009 a proposta dun concelleiro da oposición e que, aínda sendo manifestamente mellorable, soamente con iso, Telmo Martín xa non podía seguir na alcaldía. En canto ao tema da adhesión, estiven no goberno, non o vou a discutir, pero as comunicacións da FEGAMP, ían directamente á Alcaldía, se non se quixo adherir, as responsabilidades a quen lle toca.

Rematado o debate o **Sr. Presidente** someteu a votación a **adhesión ao Código de Bo Goberno Local da FEMP**, de data 24 de marzo seguinte, que foi aprobada por **unanimidade**.

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

--Adherirse ao Código de bo Goberno Local da Federación Española de Municipios e Provincias, aprobado en Xunta de Goberno do 24 de marzo de 2015.-----

3º) ADHESIÓN AO PLAN DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO PARA ENTIDADES LOCAIS, APROBADO POLA COMISIÓN EXECUTIVA E O CONSELLO FEDERAL DA FEGAMP O 18 DE MARZO DE 2015.

Non se produce debate e o **Sr. Presidente** someteu a votación a **adhesión ao Plan de Transparencia e Bo Goberno para entidades locais**, que foi aprobada por **unanimidade**.

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

-Adherirse ao Plan de Transparencia e Bo Goberno para entidades locais, aprobado pola Comisión Executiva e o consello Federal da FEGAMP o 18 de marzo de 2018.-----

4º) DEBATE E VOTACIÓN SOBRE A IDONEIDADE E LEXITIMIDADE DA PERMANENCIA DO SEÑOR TELMO MARTÍN GONZÁLEZ NO CARGO DE ALCALDE NO CONCELLO DE SANXENXO TRAS A CONDEA DO TRIBUNAL SUPREMO Á EMPRESA, DA QUE EL ERA SOCIO E FUNDADOR NO MOMENTO DOS FEITOS, POR APLICAR SOBREPEZOS NUNHA PROMOCIÓN DE VIVENDA PÚBLICA ALTERANDO OS PREZOS TAXADOS.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que unha cuestión de orde antes de que se abra o debate, porque independentemente de que se poida debater calquera cuestión que se plantexe polos membros da corporación, entendo que a votación non ven ao caso, porque non existe un cauce legal que permita darlle cobertura. Se calquera membro da corporación desexa remover ao Presidente electo, en primeiro lugar polos veciños de Sanxenxo e, en segundo lugar, polos concelleiros da corporación, terían que presentar unha moción de censura ou a través dunha cuestión de confianza que quixese presentar o Sr. Presidente. Non sei en que se amparan para pedir esta votación, porque o que estou vendo hoxe aquí é un linchamento persoal, que nada ten que ver coa xestión do Concello. Sr. Alcalde, entendo que non cabe a votación, se o debate pero non a votación.

O **Sr. Presidente** agradece as palabras que acaba de dicir, pero eu quero que se vote e, polo tanto, ao final do debate, procederase á votación.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que polo que respecta ao tema legal ou non legal da votación, temos aquí ao Sr. Secretario do Concello, que podería manifestarse ao respecto. Está claro que nós falamos da idoneidade e da conveniencia de que o Sr. Telmo Martín siga sendo alcalde de Sanxenxo, que é unha cuestión a valorar despois dos feitos demostrados nas sentenzas das que acabamos de falar nos puntos anteriores e de lexitimidade, toda vez que tamén cuestionamos o cumprimento da lei

do ano 2013, polo tanto sabemos perfectamente que a votación non é unha moción de censura, nin unha cuestión de confianza, que lle corresponde ao propio alcalde. Para rematar o tema das vivendas de Vigo, dicirlles que a empresa está condenada a unha multa de dous millóns e medio de euros e a unha devolución de case tres, pero parece que queren seguir liando o tema, porque queren pagar en vivendas, sendo obviamente isto unha materia que terá o seu tratamento no Parlamento de Galicia, porque se a Xunta é quen gañou, o normal é que fagan cumprir a sentenza en todos os termos exactos e que se lles devolva aos veciños da forma correcta. Falando da cuestión da idoneidade, estes feitos, que parecen alleos ao Concello de Sanxenxo, non o son, no momento en que afectan a quen se senta no sillón da alcaldía, ao Sr. Telmo Martín, na súa volta á política municipal de Sanxenxo, cando tivo que irse a Pontevedra, porque consideraba que Sanxenxo non era suficiente para el, despois pasou ao Congreso dos Deputados e agora voltou, nunha especie de caudillismo, de pensar que é imprescindible e que necesita que a xente o aplauda. Desde que vostede ocupou a Alcaldía de Sanxenxo tendo empresas do sector inmobiliario ¿En cantos desenvolvementos urbanísticos estaba vostede? ¿Tiña intereses inmobiliarios no concello de Sanxenxo? Actualmente ¿Ten interese no SU-15, do Parque empresarial, de forma directa ou calquera familiar? Porque se os ten, cando a alguén lle afecta unha cuestión razoable, ten o deber de absterse e seguimos vendo ao Sr. Telmo Martín asinando adjudicacións de obras, de reformas no Parque empresarial, entre outros e non hai un interruptor que permita, agora conecto, agora desconecto, cando se ten interese inmobiliario en empresas e Sanxenxo é un concello onde hai unha actividade inmobiliaria notable, cremos que esa compatibilización é realmente complexa e, cando alguén está nesa tesitura, é probable que en moitas ocasións teña que absterse de participar, comunicándoo aos funcionarios. Polo tanto, ao longo dos anos, chirría cómo se pode compaxinar unha función privada cunha función pública, sen sequera absterse, isto pasou, está pasando e, por desgraza, seguirá a pasar, é realmente difícil e complicado que o Sr. Telmo Martín poida seguir sendo alcalde de Sanxenxo, porque despois dos feitos demostrados debe dimitir e, se non é así, o tempo, volverá a deixar claro a inconveniencia de que Telmo Martín siga sendo alcalde.

A **Sra. Deza Martínez** dixo que Simplemente unha cuestión. ¿Non son vostedes os que defenden que a política non é ningunha profesión? Non diga que non se pode compaxinar a función pública coa empresa privada, iso é absurdo. Respecto da lexitimidade, dérona os veciños de Sanxenxo, que xa eran coñecedores do asunto polo cal saíu a sentenza e a maior parte respaldaron ao Sr. Telmo Martín.

A **Sra. Rodríguez Búa** dixo que o que é evidente é a demagogia do PP, non só cando o Sr. Telmo Martín fixo a súa rolda de prensa, que agora entendo que a fixo para vir hoxe e non falar, tentando colar a historia das melloras, mais que disparatada, segundo o que di a propia sentenza, senón agora, cando falan de compaxinar a vida pública e a privada. É necesario compaxinala, porque cando a xente vive da política pasa o que pasa, iso é evidente, pero ao que se estaba referindo o compañeiro é aos intereses, porque depende da función privada que se estea a desenvolver, porque hai algunhas que probablemente sexan incompatibles coa función pública ou coa función pública en determinado territorio, ten que haber límites e, aquí, non os hai, ese é o problema. Creo que ese é un debate que compete á ética de cada un, estamos a falar do Sr. Telmo Martín, cunha casuística moi concreta e, polo que está a ocorrer no noso país, cada un de nós ten que manifestar a súa opinión do que significa ocupar cargos públicos. Cada un dos concelleiros que estamos aquí presentes deberíamos responder a título persoal, porque a cuestión transcende do grupo político ao que pertencas e refírese á visión que cada un de nós ten de facer política. Eu teño claro que a persoa mais adecuada para representarme non é a que se aproveitou do sistema,

saltándose descaradamente a lei para lucrarse á conta dos demais. Nomeaba a compañeira Coral o caso de Cristina Cifuentes ou o de Maxim Huerta e pregunto que é mais grave, roubar unha cremita nun supermercado ou esixir indebidamente ata 30.000 euros a unha familia por pretender acceder a unha vivenda de protección oficial. Ou que é máis grave, deixar de ingresarlle a Facenda 218.000 euros ou aproveitarse duns veciños, se cadra con recursos limitados, esixíndolles o pago de 1.235.000 euros por unhas melloras inexistentes e en contra da lei. Isto son só algúns exemplos, pero hai multitude deles, todos estes comportamentos son moito menos graves, tanto desde o punto de vista ético, como desde o punto de vista moral, dos que aquí nos traen hoxe a pedir a dimisión do Sr. Alcalde e supuxeron a dimisión destas persoas, nun intento de dignificar a política. Eu expuxen mais que claramente a miña opinión, pero gustaríame coñecer a dos outros concelleiros que forman este pleno, que me expliquen como se pode poñer o diñeiro de todos, nas mans de alguén que se interesa mais polo seu interese particular que polo interese xeral. Todo isto reafirmame mais na decisión que tomei no seu día, cando me neguei a pactar con vostede, é certo que perdín unha nómina, pero mantiven os meus principios. Hoxe estou mais contenta que nunca de non pactar con vostede e de afastarme da súa política, non podo confiar nunha persoa que vive do engano e os veciños de Sanxenxo merecénselle que cada un dos que estamos sentados aquí, non só vostede, senón todos, expresemos a nosa opinión sobre este tema.

A Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto, dixo que estaba totalmente de acordo co exposto polo Sr. Otero da dualidade de intereses entre a función pública e a súa función empresarial, non sei as empresas que ten, pero é chirriante que un alcalde que ten intereses inmobiliarios presida Sanxenxo e mais despois desta última sentenza, repítolle, dea un paso á beira, que non é un paso atrás e permita que outra persoa ocupe a alcaldía de Sanxenxo.

O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, dixo que el non era dun lado, nin doutro, porque cando estás nun lado, non ves máis, vas contra os outros e iso é un erro, eu miro en xeral, por exemplo co da FEGAMP, cando estivo o goberno anterior, non lle daba interese, agora se, entón hai que adherirse aos convenios agora, pero non o fixeron antes. Falamos de idoneidade, se non é o Sr. Telmo ¿quen vai ser o seguinte Alcalde de Sanxenxo? Fálase de xestión e na miña opinión, a xestión do cuatripartito foi nula e, agora, funciona, outra cousa é que non se faga todo o que hai que facer, tendo en conta que na Xunta está Feijóo, o problema vai ser que pasa dentro de dous anos, cando vexamos quen goberna no goberno central e na Xunta. En canto a lexitimidade, o Sr. Telmo tivo a maioría dos votos. Da idoneidade, a cuestión ética é persoal e a sentenza non lle dá a razón a empresa da cal era socio, facendo moitos anos que pasou. Se tanto falamos dos negocios do Sr. Alcalde polo que fixo unha empresa, entón a maioría dos alcaldes de España non teñen idoneidade e eu quero un alcalde ou político que faga cousas polo pobo. Entendo aos que están aí sentados, pero tamén que isto é un tema político, entón xa o dixeran antes, se vostedes queren cambiar algo, o ano que ven hai unhas eleccións. En canto ao dito pola Sra. concelleira, depende da moral de cada un dos concelleiros e hai que pensar que non todo é culpa dos políticos, os políticos están aquí porque lles vota a xente, polo tanto, se non lles votan nas vindeiras eleccións, non estarán. Por último anuncio a miña abstención.

Sr. Otero Domínguez: vou ao tema da cuestión de orde, sobre se se vai votar a idoneidade. O Sr. Presidente aclara que se vai a votar este punto da orde do día. O Sr. Otero di que sen dúbida non cabe a idoneidade, despois dos feitos coñecidos, que xa se faláron neste pleno, o que pasa é que o PP pensa que os resultados electorais lexitiman e poñen o contador electoral a cero, destacando a

hipocrisía do Presidente do PP en Galicia, Sr. Núñez Feijóo, en base a frase dita pola concelleira do Partido Socialista e tendo en conta que o Sr. Telmo Martín non ten pensado dimitir. O Partido Popular é o partido mais corrupto do estado e vostedes cren que deber ser a sociedade á que se adapte a vostedes, non vostedes á sociedade, porque non están en absoluto interesados en cambiar absolutamente nada os seus comportamentos. O que pretenden é que sexa a sociedade a que os homologue a través dos votos, sen ningún tipo de autocrítica nin de asunción de responsabilidades políticas. Neste caso estamos a falar dunha cuestión que é incompatible cun cargo público, hai unha sentenza que ditaron os tribunais de xustiza e polo tanto cremos que non é conveniente que o Sr. Martín siga na alcaldía.

Sra. Rodríguez Búa: creo, como xa expuxen durante todo o pleno, que a dimisión está mais que xustificada e é necesaria. O estandarte que tería que abandeirar Sanxenxo hoxe e o da rexeneración política, pero evidentemente, como xa avanzou o anterior compañeiro, é moi probable é que iso non ocorra. Tamén lamento que non se pronuncien os concelleiros, porque como xa dixen e volvo a pedilo agora outra vez, creo que é unha cuestión sobre a que deberíase pronunciar cada un de nós, porque temos unha responsabilidade cos veciños, que merecen unha explicación pola situación que estamos a vivir.

A **Sra. González-Haba Pérez** volve a repetir outra vez que este pleno é o pleno da dignidade e da ética, que é moi importante nun alcalde ou calquera cargo público, por iso paréceme que teñen razón os meus compañeiros e tamén estou de acordo coa señora Vanessa Rodríguez Búa, cada un de nós debemos expresarnos, porque non é unha cuestión de partidos, é unha cuestión de ética.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dixo que cada un dos concelleiros que estamos aquí representamos a un grupo de veciños de Sanxenxo e sería bo que cada un dixese o que opina e debatesen, non só sobre a idoneidade do Sr. Telmo Martín, senón sobre todo o que está pasando neste tema, é unha pena que non teñan voz, aínda que se van ter voto, mesmo hai dúas persoas que votaron a lei e non teñan nada que dicir con respecto a esa mesma lei. Para min queda claro, indo tanto a resolución da Xunta, como as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza, como do Tribunal Supremo, que nuns pisos de VPO, onde o prezo vai por metro cadrado, o sobreprezo, como ben dixo o compañeiro David Otero, viña polas alturas é dicir que a mellora, para “Construcuatro”, son as vistas, canto mais vista, mais pagas, iso é unha vergoña e que alguén estea xestionando cartos públicos con esta bagaxe, para min é unha auténtica vergoña.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, dixo que xa se pronunciou onte, polo tanto a miña opinión xa a sabe absolutamente todo o mundo, tras consultar cos nosos afiliados, porque non é unha decisión tomada por min, nin polo Sr. Suso Sueiro, nin por Daniel Fernández. Entendo que á oposición interésalle facer ruído, falta menos dun ano para as eleccións e serán os veciños os que poñan a cada quen no seu sitio e o que queremos é cumprir un programa, ter unha estabilidade e, no que levamos de ano, vamos camiño de poder conseguilo, polo tanto os veciños son os que teñen que valorar a quen votar e nós non estamos facultados para lexitimar o deixar de lexitimar a ninguén.

O **Sr. Secretario** aclarou o sentido da votación, indicando que o voto a favor significaría a consideración de que D. Telmo Martín González ten idoneidade e lexitimidade para a permanencia no cargo de alcalde do Concello de Sanxenxo, o voto en contra o contrario, e abstención o non pronunciamento ao respecto.

O **Sr. Alcalde** dixo que en primeiro lugar, desde que saíu este tema pasei xa tres períodos electorais como cabeza de lista, porque isto non é de agora. En segundo lugar que a semana pasada din explicacións aos veciños de Sanxenxo nunha comparecencia pública e creo que debe haber poucos veciños que a descoñezan. En terceiro lugar, demostrouse que se ven aquí a tratar de que isto se converta nun circo e ter un día de gloria a oposición, porque hai outras formas para destituír a unha persoa, como ben explicou aquí algún compañeiro e eu teño por costume na vida, traballar moito e, ao mellor, disfrutar pouco. Entón, na vida, cando traballas moito, a veces cometes erros e eu cometín moitos na vida, desde logo nunca con mala fe, nin intencionados. Levo un ano traballando outra vez, con moita honra, polo Concello de Sanxenxo, facendo as cousas que nos comprometemos nun pacto con SAL, que creo que está sendo positivo para os veciños de Sanxenxo e son estes os que teñen que decidir dentro de once meses. E, por último, para rematar e antes da votación, dicir que hai moitas cousas importantes na vida dunha persoa, pero unha das mais importantes é a conciencia e o que lles fala, ten desde que naceu, a conciencia moi tranquila.

A continuación e ao non haber máis intervencións o Sr. Presidente someteu a votación a idoneidade e lexitimidade para a permanencia no cargo de alcalde de Sanxenxo por parte de D Telmo Martín González:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos en contra: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Abstencións: 1 (Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

Así pois, por maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, acordou aprobar a idoneidade e lexitimidade de D. Telmo Martín González para permanecer no cargo de alcalde do Concello de Sanxenxo.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as once horas e trinta e cinco minutos, de todo o que, eu secretario **dou fe:**